



Concello de Bande

Expediente núm.: 877/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contratacións

Data de iniciación: 16/07/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes :

Expediente	Procedemento	Resolución	Data
248/2024	Subvencións Solicitadas a Outra Administración, AGADER PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024/2025	Directora Xeral de AGADER	22/02/2024

Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Proposta da Alcaldía	18/07/2024	
Informe de Secretaría	18/07/2024	
Resolución de Alcaldía	18/07/2024	
Prego prescricións técnicas	18/07/2024	
Prego de cláusulas administrativas	19/07/2024	
Informe-Proposta de Secretaría	18/07/2024	
Informe de fiscalización previa	18/07/2024	
Resolución de Alcaldía de aprobación ao expediente de contratación	19/07/2024	
Anuncio de licitación	19/07/2024	
Acta da Mesa de Contratación	07/08/2024	

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato:	Obras
-------------------	-------





Concello de Bande

Subtipo do contrato:	Obras
Obxecto do contrato:	Mellora de Camiños Municipais de Acceso a Parcelas Agrícolas 2024-2025 no Concello de Bande.
Procedemento de contratación:	Aberto simplificado abreviado
Tipo de Tramitación:	Ordinaria
Valor estimado do contrato:	39.467,26 €
Orzamento base de licitación IVE excluído:	39.467,26 €
IVE 21%:	8.288,12 €
Orzamento base de licitación IVE incluído:	47.755,38 €
Data de inicio do contrato:	2/09/2024
Data de fin do contrato/Duración do contrato	26/09/2024
Código CPV	45233140/45233223
Lugar de execución	Garabelos (Bande)

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Clasificar aos licitadores pola orde de puntuación conforme á proposta realizada pola mesa de contratación:

Orde	Licitadores	Estado	Puntuaciones Criterios		
			Juicio de valor	Cuantificables mediante fórmulas	Total
1	B32274581 EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, S.L.U.	Admitido		98,83	98,83
2	B32210775 CONSERNOR, S.L.	Admitido		92,98	92,98
3	A32023947 BENITO BASTOS, S.A.	Admitido		92,27	92,27
4	B32199762 PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO,S.L.	Admitido		86,67	86,67
5	B32294662 OBRAS E ESTRADAS CARREIRA BELLA,S.L.	Admitido		77,08	77,08
6	B32240210 COVIASSTEC, S.L.	Admitido		75,36	75,36





Concello de Bande

SEGUNDO. Adxudicar o contrato de obra de “Mellora de Camiños Municipais de Acceso a Parcelas Agrícolas 2024- 2025 no Concello de Bande” nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e no proxecto técnico das obras a:

- “EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, S.L.U.” con CIF B32274581 polo prezo de 40.413,22 € e 8.486,78 € de IVE. Un prazo de execución de 25 días e unha ampliación do prazo de garantía de 18 meses sobre os 12 meses establecidos no prego o que supón un total de 30 meses de garantía.

TERCEIRO. Citar á empresa adxudicataria, “EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, S.L.U.” con CIF B32274581, para realizar a comprobación do replanteo previo, o día 28 de agosto de 2024.

CUARTO. Son características e vantaxes determinantes de que sexa seleccionada a oferta presentada polo citado adxudicatario con preferencia ás presentadas polos restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas, as seguintes:

— Prezo: 39.467,26 €	48,83 puntos.
— Prazo de execución: 25 días	30,00 puntos.
— Ampliación do prazo de garantía: 18 meses	20,00 puntos.
— Total puntos	98,83 puntos.

QUINTO. Esixir ao adxudicatario o cumprimento da colocación do cartel publicitario segundo o establecido na Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto, así como a achega de fotografías de antes, durante e despois da obra e do citado cartel publicitario.

SEXTO. Dispor o gasto correspondente con cargo á aplicación orzamentaria aplicación orzamentaria: 454/619 dos exercicios orzamentarios: 2024 e 2025 en caso de conformidade do informe de fiscalización que se emita pola Intervención.

SÉTIMO. Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.





Concello de Bande

OITAVO. Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante en prazo de 15 días.

NOVENO. Designar como responsable do contrato a D. Salvador Añel Prada.

DÉCIMO. Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

UNDÉCIMO. Requerir ao adxudicatario para que no prazo de 10 días naturais elabore e presente ante o director das obras o Plan de Seguridade e Saúde das obras.

DÚODÉCIMO. Notificar ao adxudicatario que a formalización do contrato efectuaráse mediante a sinatura de aceptación polo contratista adxudicatario da presente resolución de adxudicación.

DÉCIMO TERCEIRO. Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago á vista do informe de intervención previa, conforme ao seguinte detalle:

- Na anualidade 2024, previa certificación das obras expedida pola directora de obras, unha vez, emitida a factura pola entidade adxudicataria e conformada pola responsable do contrato, poderase facer un pago de ata un máximo de 27.116,10 €. En todo caso, coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na concesión de axuda para a realización da citada actuación, o 26 de setembro de 2024, deberá estar executada a anualidade 2024, por un importe de 27.116,10 €
- Na anualidade 2025, finalizada á prestación e previa certificación final das obras expedida pola directora das obras, unha vez emitida a factura expedida pola entidade adxudicataria e conformada polo responsable do contrato, farase o pagamento final por o importe pendente, que ascenda a un importe total con IVE de: 21.783,90 €.

DÉCIMO CUARTO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.





Concello de Bande

DÉCIMO QUINTO. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

